

## Obradoiro de videocreación para rapaces e rapazas

### Qué animalada!

#### PRESENTACIÓN

VideodinamizARTE ofrece, a través do formato de obradoiros de videocreación, unha aproximación particular á ferramenta audiovisual. Poñemos este medio de creación artística ao alcance de todas as persoas interesadas en empregala para a expresión persoal.

Da man dunha psicóloga e unha creativa audiovisual, os/as participantes son autores/as de todo o proceso creativo, dende a idea ata a elaboración cadansúa peza audiovisual. Adquirindo así os coñecementos técnicos necesarios para levala a cabo (búsqueda da idea, planificación, construción narrativa, uso da cámara, gravación e manexo do software de edición).

Traballar coa cámara de vídeo permítenos tomar conciencia sobre o feito de que na medida en que miramos e encadramos a nosa realidade, mirámonos e encadrámonos a nós mesmos.

Nesta proposta en concreto colaboraremos cun profesional da educación ambiental para poñer o foco sobre as condicións de vida dos animais. O obxectivo é levar aos rapaces e rapazas a empatizar coas diferentes realidades que vive a fauna autóctona, de cara á concienciación persoal e social. O audiovisual é unha ferramenta que permite a difusión de contidos visibilizando o traballo dos/as participantes para achegalo á sociedade.

No obradoiro combinarase por unha banda o traballo de cara á sensibilización dos rapaces participantes en materia medioambiental e protección animal, e por outra banda aprenderán as nocións básicas para crear a súa propia peza audiovisual.

Identificaranse e abordaranse, por medio de dinámicas de grupo e diversas propostas, cales son as problemáticas que afectan ao mundo animal. Conectaremos estas problemáticas coa vida cotiá de cada un dos rapaces. Daranse nocións sobre a ecoloxía e hábitos de vida de varias especies animais elixidas polos/as participantes. O obxectivo é que os rapaces empaticen coas condicións de vida dos animais que escolleron e establecer así unha conexión persoa/animal, identificando as emocións que lle suscita para dende aí comunicalas no proceso de videocreación.

Este traballo, xunto coa aprendizaxe da linguaxe audiovisual, o visionado de referentes e o manexo técnico da cámara e do programa de montaxe, facilitará que cada participante sexa autor da súa peza audiovisual, que poderá ser despois compartida coa comunidade.



## **METODOLOXÍA**

### **Obxectivo xeral:**

Explorar a creatividade das/os participantes a través da elaboración dunha peza audiovisual, abordando o tema do maltrato animal, de cara á sensibilización social.

### **Obxectivos:**

- Cada participante realiza unha peza audiovisual partindo da súa propia idea para plasmar a súa mirada persoal.
- Introducción ás técnicas de creatividade, permitindo un descubrimento da persoa como creativa.
- Introducción á creación audiovisual: diferenciar as partes dun proxecto audiovisual (preproducción – rodaxe - postproducción), narrativa e linguaxe, referentes audiovisuais (achegarse a outra forma de contar historias).
- Dinamización grupal de cara a xerar o clima de confianza e cohesión necesaria para a creación.
- Aprender o uso do equipo técnico necesario para crear a peza audiovisual: cámara, son e montaxe.
- Interiorización e comprensión dos dereitos dos animais.
- Valorización do medio natural como hábitat das especies autóctonas
- Valorar a fauna salvaxe e a riqueza da biodiversidade dos nosos bosques, mares e montañas.
- Fomentar comportamentos e hábitos de vida respetuosos co medio natural.
- Sensibilizar sobre a problemática de maltrato animal, facer conscientes aos rapaces da amplitude da problemática (cativerio en zoolóxicos, circos, acuarios e industrias alimentarias, etc)
- Concienciar sobre o uso responsable de produtos derivados de animais.

## **DATAS, HORARIO e PARTICIPANTES**

Dúas sesións semanais de dúas horas de duración (preferiblemente Martes e Xoves), cun total de 30 horas, comezando despois das vacacións de Semana Santa de 2016.

Dirixido a 10 rapaces e rapazas de entre 11 e 13 anos.



## ORZAMENTO

	Asunto	Prezo
3	Docencia (25 €/hora)	2250 €
1	Material funxible	250 €
1	Deseño e cartelería	150 €
1	Persoal de apoio para as saídas	150 €
1	Seguro de responsabilidade civil (se fora necesario)	*a determinar co promotor
IMPORTE		2800 €
Retención: - 19% IRPF:		532 €
<b>TOTAL:</b>		<b>3332€</b>

## NECESIDADES

### Recursos técnicos:

- 10 ordenadores.
- Aula con cadeiras, proxector e encerado
- Conexión a Internet.

### Recursos humanos:

As responsables do proxecto son:

- Ana Seijo Cuba, psicóloga
- Sabela Pernas Soto, creativa audiovisual.
- Diego Vazquez Miramontes, veterinario e educador ambiental.

Máis información no enlace [www.videodinamizarte.com](http://www.videodinamizarte.com)